

A ERMIDA DE SAN NICOLAO DE TORRE (VILALBA). LENDA E HISTORIA

ANTONIO REIGOSA CARREIRAS

Cando as pegadas do pasado só deixan poucos na memoria da xente, axiña as catalogamos como lendas. Todo o máis, entramos no terreo da dúbida, do que pudo ser ou non ser, agás que algúnsha proba escrita cible nolo certifique.

No Monte da Ermida, Castelo da Ermida de San Nicolás ou Ermida de San Colasíño, no lugar de Penahedrade, parroquia de Torre, concello de Vilalba, hai unha capeliña pequena e sínxela, asentada no curuto duns penedos duns 4 metros de altura. Para chegar ata a entrada hai que agatuñar por unhas escaleiras de laxas e lousas; «é mui alta; está no máis alto da parroquia. Dicen que un ingeniero que veu por aí dixo que se vía a farola da Coruña» (1). Igual ca o exterior, o interior tamén é sínxelo: un retábulo, dúas imaxes de San Nicolao, unha de impoñer, e outra de San Sidro. No entorno da capela consérvanse vestixios evidentes do que pudo ser un castro e algunas

rochas concoviñas, «antes mataban neses castros os carneiros e tiñan un, na pena, nunha pía por onde corria o sangue» (2); frondosos carballos completan unha paraxe con moito encanto na que, ata hai poucos anos, se lle facia a festa ó santo o dia un de xaneiro.

Do motivo polo que se fixo a ermida ali hai información oral nas lendas, mesmo dalgúns avatares do santo e algún, escaso, dato biográfico dos protagonistas dos sucesos acontecidos nese tempo impreciso que é o pasado lonxano. A casualidade aportounos algo máis dun dos personaxes principais, o que nos vai permitir fixar con relativa exactitude a data de construción da capela. Pero, imos polo miúdo.

No ano 1993, con motivo de realizarmos o «Inventario de lendas, contos e outras manifestacións da literatura de tradición oral da comarca da Terra Chá», recollemos unha infor-

mación sobre a desaparecida capela de San Nicolao de Mourence, que estivera próxima á Pena do Encanto, ou do Odreiro, e á Fonte Culler, ambos lugares relacionados con seres máxicos. Coas pedras da capela fixose un caneiro no río Trimaz; maldito caneiro, pois, «nunca caeron troitas nin anguilas; armaban o redio e encontraban unha culebra, pero nunca anguilas» (3).

Xa a edificación da capela de San Nicolao de Mourence fora polémica: «Trouxeran un santo; foran rouba-lo santo á Torre. Fixeron a capilla e trouxeron o santo pra alí».

Tempo adiante, continuaron as liortas por mor do santo: «E, despois, o santo roubárono outra vez e levábanlo pá Torre, que o santo non iba sólo andando. Levárono e..., entonces, claro, volveron por el, e volveron, e fixeron, pero o santo non salía da Torre. Entónceles deseñegáronse, que o santo no volvía» (4).

Os de Torre, efectivamente, andaban tralo santo. José Vidal, en artigo publicado no xornal *El Progreso* (5), conta como o crego de Torre daquel entón, parroquia pobre e sen recursos, consultaba co sacristán a maneira de saír da miseria. O sacristán recoméndalle visita-lo Bispo; e faino, pero a resposta deste resulta incomprendible para as poucas luces do crego. O sacristán seguía a cismar no crego para que insistise nas consultas ó Bispo, pero este, invariablemente, sempre lle contestaba: *estudia*.

Quen si comprende, ó parecer, é o sacristán. Un día de inverno aparece fronte á casa do máis rico do lugar de Penahedrade a imaxe de San Nicolao de Mourence. Despois dunhas cantas andainas entre Mourence e Torre, todos aceptan que a intención do santo é quedarse na Torre, e fáiselle, a modo de capela «un alboíño, que inda o hai hoxe» (6). Abondan os casos nos que a orixe ou invención dos santuarios é narrada en termos semellantes; mesmo, coma neste caso, coa intervención decisiva do sacristán.

A derradeira, polo de agora, aventura do San Nicolao describenola o noso informante: «Bueno, estaba alí pero, entónzas, ese, ese era un capitán de navío e andaba embarcado. Entónzas, de andar embarcado, o barco iba a pique e, entónzas,



el dixo; dixo, como tiña na súa casa un San Nicolás, ofrecéuse a San Nicolás de que se iban a salvo, de que se sabían que iban a salvo, pois que lle había de facer no más alto do lugare a capilla. Unha armita e cambialo pró máis alto de todos.


Pero, despois o barco, precisamente, pois foi, foi ben e saliron, saliron. Dispois veu prá casa e díxolle a seu pai que lle tiña que facer unha capilla arriba, que a ofrecera e tal. Pero seu pai non lle deixaba; non se podía sacare o santo de cabo da casa. E, entonces, el de noite levantábase así que seu pai adormecía e iba leva-lo santo enriba. Pró outro día pola mañá faltaba o santo:

- Pois ves, quer ir; o santo quer ir. Quer ir para riba. A miña ofrenda..., e tal.

E incluso cando había neve iba poñendo o santo pola neve, non sabes, pola neve e levába-o arriba hasta que seu pai lle deixou facer enriba a capilla e así está, aí está o santo arriba»(7).

Deste «capitán de navío» ó que refire o relato temos algúns datos sacados do *Almanaque Gallego 1911* editado en Buenos Aires o ano 1910 por Manuel Castro López, quenos toma do *Archivo General de la Nación Argentina*, do *Catálogo de documentos del Archivo de Indias en Sevilla*, referentes a la historia de la República Argentina e da monografía *Defensa de Ferrol en 1800* de Nicolás Fort y Roldán.

Chamábase don Diego de Pazos e nacera na mesma parroquia de Torre sobre o ano 1739. No 1764 era cabo, subtenente no 1772, alférez da Real Armada no 1777 e capitán de fragata no 1800. Participou en numerosas campañas de guerra en Portugal, nas Malvinas en 1770, en Rio Grande de San Pedro no 1776 e contra os ingleses na defensa de Ferrol o ano 1800. Anque con



certas reservas, supoñemos que cando se acordou de San Nicolao foi o 1 de abril de 1776 «en el que, forzados del continuado fuego de nuestras baterías Trinidad y Bárbara dominadas por el portugués y del grueso calibre de su cañón, á cuyo amparo estaban, se vieron precisados a salir del Río barando su barco y mostrando su valor, espíritu y buena conducta, á satisfacción de sus Comandantes, en transbordar de su barco perdido á los otros toda la tripulación y tropa, sufriendo siempre el más vivo fuego de todas las baterías de enemigos»(8).

De non andar moi errados e segundo os datos de que dispoñemos, a actual capela de San Nicolao de Torre sería construída no último cuarto do século XVIII, tralos avatares expostos, polo mariño Diego de Pazos, natural do lugar.

Como apunte final anotamos certas coincidencias entre a haxigrafía de San Nicolao de Bari (¿sec. III-IV?), de dubidosa existencia, e a súa intervención a favor dos naufragos, coma neste

caso, pois parece se-lo substituto cristián do Posidón clásico para as culturas mediterráneas; nos países nórdicos assimilase á figura de Santa Klaus e en Penahedrade, Torre, pode ser simple coincidencia, faciaselle a festa o primeiro dia do ano.

Frai Benito Jerónimo Feijoo no tomo VI do seu *Teatro Crítico Universal* dá noticias dun home chamado Pesce Cola (Peixe Nicolao) de Catania que serviu de correo marítimo pola súa teima de andar sempre no mar. Italo Calvino en *Cuentos Populares Italianos* ofrécenos a lenda dun Cola (Nicola) de Palermo que por orde do Rei de Mesina somerxiase varios días no mar ata que, en arriscadísima misión, desaparece nos fondos mariños... Apuntes só que ai quedan para mellor ocasión pero que nos lembran a maldición sobre o caneiro de Mourence construído coas ruínas da capela de San Nicolao.

Lenda, segundo acepción do *Diccionario Xerais da Lingua*, é un «Relato fantástico, xeralmente con certa base histórica que a tradición foi elaborando». Moi poucas veces temo-la sorte de verificalo.

NOTAS

- (1).- Domingo Felpeto (61 anos). Penahedrade, Torre. (Vilalba); 6 de setembro de 1993.
- (2).- Domingo Felpeto.
- (3).- Carme Piñeiro (73 anos). Gabin, Boizán (Vilalba); 29 de setembro de 1993.
- (4).- Carme Piñeiro.
- (5).- José Vidal: «Leyenda de San Nicolás de Torre», *El Progreso*, 19 de outubro de 1977.
- (6).- Domingo Felpeto.
- (7).- Domingo Felpeto.
- (8).- Manuel Castro López: *Almanaque Gallego 1911*, Buenos Aires 1910.

